

LA TRUZA

ANO VII Nº 6
AGOSTO 2015



ALCATRUZ



AGOSTO 2015
Nº 6
Ano VII

SUBVENCIONAN:



*Foto Portada:
Maceda en festas*

EDITA:

A. C. "Aira das Mantas"

DESEÑO MAQUETA:

José Luis Rodríguez
Milagros Aldemira

MAQUETACIÓN:

José Luis Rodríguez

MONTAXE:

Yolanda Lloves Álvarez

COLABORACIÓNS:

Santiago Prol
Luis Del Campo Prol
Mercedes López Pascual
José Manuel Pascual Ramos
Ismael Del Campo López
José Juan Pérez Ramos

AGRADECEMENTOS:

Francisco Nóvoa Rodríguez
Antonio Pérez Guede

IMPRIME:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

SUMARIO:

Limiar	2
Vestixios dos nosos devanceiros (VII)	3
As construcións adxectivas: os pombais	6
O traxe tradicional do home galego	10
Francisco Carballo (Autobiografía)	14
Santiso, a construción dunha paisaxe (I)	16
Pasatempos	29
No val de Maceda (Parroquia a Parroquia): Tioira	30



LIMIAR

O lanzamento dunha revista constitúe sempre un desafío, pero por outro lado supón tamén unha aventura intelectual. É un desafío en canto á acollida, pensamos, pois unha publicación deste tipo, dirixida a un grupo social minoritario como é o que habita no noso val, podería non ter sido maioritaria dado o seu contido estritamente cultural e histórico, atranco que foi salvado unha vez comprobamos a súa alta demanda tanto polos veciños como por xente foránea.

Mais, tamén, constitúe un desafío económico xa que os custos desta publicación grauíta non é posible asumilos coas cotas dos socios. E quizás, alguén pense en porqué non poñerlle un prezo á mesma e así tratar de minorar os custos. Pois moi sinxelo, porque entendemos que o acceso á cultura así debe ser.

Mais, neste desafío, ben é verdade que non estamos sós, acompañounos nun principio Paco Nóvoa e dende o ano pasado sumouse Antonio Pérez; así pois, o noso agradecemento a ambos os dous porque fan posible que esta revista vaia vendo a luz ano a ano.

E, por que unha aventura intelectual vos estaredes a preguntar. Non si?

Unha aventura porque enchela de contido supón a colaboración de moitas persoas: historiadores, investigadores, afeccionados a distintas artes..., en fin, persoas que de xeito altruista estean dispostas a adicar unha parte do seu tempo de lecer a indagar e recoller na “memoria” da nosa cultura a historia e os saberes ancestrais da nosa xente para logo acabar transmitíndonola/transmitíndonolos.

Dende aquí o noso agradecemento a todas elas que, desinteresadamente, ata agora colaboraron neste proxecto.

Alcatruz segue viva e con ela a Asociación cultural Aira das Mantas, que naceu coa idea de recuperar do esquecemento o acervo cultural da nosa bisbarra animando a unhas xentes a lembrar o vivido por elas anos ha e achegando a outras, que o descoñecen, o noso patrimonio e mais a nosa cultura, sen deixar de lado a nosa inicial pretensión de conseguir, mediante esta revista, que as “airas” que foron perdendo o seu uso como espazo común onde se facían traballos como as mallas, as medas, as mantas, recuperen ese uso á vez que adquiren un novo significado metafórico: o dun espazo cultural común.

Malla



VESTIXIOS DOS NOSOS DEVANCEIROS (VII)

Santiago Prol

Na xerarquía nobiliaria o título de conde amosouse como un dos máis relevantes. Agromou na comitiva dos emperadores do Baixo Imperio Romano. Foi capital nos reinos cristiáns da Idade Media, onde eran condes os abeirados ao monarca, xunguidos por un xuramento de fidelidade. Logo o título pasou do home á terra e conformou os condados.

TRADICIÓN POPULAR

Foille concedido o título nobiliario de I Conde de Maceda ao cabaleiro Alonso de Lanzós e Nóvoa -rexedor e alférez perpetuo da cidade de Betanzos- polo rei Filipe IV o 30 de agosto de 1654. Era fillo da señora de Maceda, Aldonza de Nóvoa e Lemos, que casara con Xoán de Lanzós e Andrade. O primeiro conde de Maceda descendía por liña paterna de Alonso de Lanzós, dun dos líderes destacados da segunda revolta irmandiña, xunto con Diego de Lemos e Pedro Osorio. O seu fillo Bernardino residiu longas

tempadas -na súa condición de II conde de Maceda- na nosa Torre de orixe medieval na que tivo fillos lexítimos con Baltasara de Soutomaior e Montenegro, señora de Mourente e Sobrán (Vilagarcía) e tamén algún que outro natural.

maior e Haro, III conde de Maceda, acadou a Grandeza de España en 1709, mesmo coa eloxiosa recomendación da Xunta do Reino de Galiza e tamén coa do Concello de Ourense. Outrosí a Grandeza de España de 1ª Clase o 25 de marzo de 1710. O conde dos dez apelidos foi o artífice de notábeis reformas e ampliacións da Torre de Maceda, que rematou conformándose como unha residencia nobiliaria, semellante aos pazos da época, mesmo perdendo parte da súa concepción arquitectónica primixenia de bastión militar defensivo. Unha das



Joseph Benito de Lanzós, Nóvoa, Andrade, Castro, Enríquez, Córdoba, Ayala, Montenegro, Souto-

suntuosas mansións que mandou erixir Joseph Benito de Lanzós e Nóvoa é o actual parador de turismo “Casa do Barón” na cidade de Pontevedra (situado fronte á rúa Maceda), no corazón do casco vello ao carón do río Lérez. Está soterrado este conde benfeitor, xunto coa súa dona María Teresa Taboada e Vilamarín, no santuario da Virxe da Barca en Muxía, vila na que tamén podemos ollar a rúa “Condes de Maceda” como recoñecemento ao seu mecenado na ampliación e decoración interior do santuario.

O seu primoxénito, o conde Antonio Pedro Nolasco de Lanzós, Nóvoa e Taboada viviu no que daquela lle chamaban Palacio de Maceda -con luxosos xardíns- no corazón do Paseo do Prado madrileño en pleno auxe no século XVIII. En parte daqueles terreos -propiedade dos nobiliarios de Maceda- áchase hogano o prestixioso museo pinacoteca Thyssen Bornemisza. Este conde de Maceda chegou a alcalde, gobernador, político e militar da vila e corte de Madrid. Outrosí era xentilhome na Real Cámara, tenente xeneral dos Exércitos e vicerrei de Navarra

entre as xeiras dos reis Filipe V e Fernando VI. Ten unha praza na capital do Estado á súa memoria [P/ Corregidor Conde de Maceda y Taboada]. Este conde de Maceda mesmo pasaría á historia da Medicina, por ser a autoridade política de máximo nivel que ditou a primeira orde na loita antituberculosa en España no ano 1746.



Tamén se achán vestixios dunha condessa de Maceda soterrada na capela do que hogano conforma o Panteón de Galegos Ilustres [agás Castelao que está asentado fóra da capela], no mosteiro San Domingos de Bonaval (Santiago de Compostela).

O brigadier de vangarda Baltasar Pardo de Figueroa, VIII conde de Maceda, faleceu na Batalla de Medina de Rioseco ao comezo da Guerra da Independencia (14 de xullo

de 1808), loitando contra os franceses. Tivo unha fulxente carreira militar: coronel do Rexemento de Zaragoza, tenente coronel do Rexemento de Montorei e mariscal de campo. O seu cuñado Xoán Xosé Caamaño Pardo, conde consorte de Maceda, amosouse, logo da guerra contra o francés, a prol de Fernando VII e do absolutismo. Foi un dos ilustrados de comezos do s. XIX en Galiza. Estaba casado coa condessa de Maceda, Ramona Escolástica Pardo de Figueroa. Semanas despois da morte do seu cuñado en Medina de Rioseco, a Xunta Superior de Galiza quixo honrar a memoria deste militar e instituíu o afamado Rexemento de Infantería Conde de Maceda. O seu coronel en xefe sería Xoán Xosé Caamaño Pardo, que contou cun continxente de 1.600 homes aos que equipou co peculio del e da súa muller, a condessa de Maceda.

O conde de Maceda e senador vitalicio Baltasar Losada e Miranda, repartiu algúns títulos entre irmás e fillos. O seu fillo Baltasar Losada e Torres casara cunha neta de Ángel María



de Saavedra y Ramírez de Baquedano, máis coñecido por ser o III Duque de Rivas, o salientábel dramaturgo, poeta e político do s. XIX. Este conde de Maceda foi o que herdou o noso condado. Naquela reconversión ao capitalismo no que tiñan que competir coa burguesía, foi o primeiro presidente do consello de administración da empresa Pirelli-España nos anos 20 do século pasado.

As semanas principais de Advento e Coresma os condes de Maceda organizaban batidas de caza pola contorna xunto con outros nobres, abades e prelados [mesmo coa presenza do cardeal primado Luís de Borbón]. Mobilizaban toda unha infraestrutura cinxética de alto rango ao servizo duns privilexiados. Foron sonadas nos ss.

XVIII e XIX. Tamén organizaron montarías con cervos, corzos e xabarís polos



Castelo de Maceda

bosques da Serra de San Mamede, Invernadoiro e Medas. A familia vencesllada ao castelo de Maceda foi propietaria doutras moitas casas, torres, solares e illas: Sobrán, Vilouzás, Lanzós, Santo Antoiño, Louredo, Laiosa, Torre de Crus, Mourente, Fefiñáns, Torres do Oeste, Vilamarín, Sandiás, Taboada, Friol, Palacio de Maceda [Madrid], Parador de Pontevedra, Sálvora, Ons, Onza...

No Memorial de 1709, revelaba Joseh Benito de Lanzós e Nóvoa que as rendas dos condes de Maceda, polos seus estados no cómputo regular, pasaba dos 30.000 ducados e que tiña máis de 5.000 vasallos. O investigador Pegerto Saavedra (2007) asevera que os señores da casa de Maceda amosaron unha lograda historia no ámbito político, económico e social: “En 1766 os ingresos da condesa de Maceda estaban en consonancia co rango da familia: en 14 administracións, cobraba 6.500 fanegas de cereais, 44.000 litros de viño, 30.000 reais de servizos diversos e máis de 70.000 reais de décimos. En total, as rendas brutas valían en diñeiro uns 352.000 reais”.

BIBLIOGRAFÍA

- LANZÓS E NÓVOA, J. B.: (1709), *Memorial*. Ed. facsimilar, Boletín da Real Academia Galega, A Coruña.
- MEIJIDE PARDO, A.: (2001), *Juan José Caamaño Pardo, Conde de Maceda. Ilustrado y economista ferrolano*, Fundación Barrié. A Coruña.
- OTERO PEDRAYO, R.: (1972), *Guía de Galicia*. Espasa-Calpe. Madrid.
- PROL, S.: (2009), *Nobres vencellados ao Castelo de Maceda*. Difusora das Letras, Artes e Ideas. Ourense.
- SAAVEDRA P.: (2007), *A Galicia do Antigo Réxime*. A sociedade. Ed. LVG, A Coruña.

AS CONSTRUCIÓNS ADXECTIVAS: OS POMBAIS

Luis Del Campo Prol

A LEXISLACIÓN

No ano 1946 o Estado español concedía subvencións -sen xuros- para a construción de pombais. Isto conlevaba unha serie de obrigas que aparecían recollidas no artigo 3º da Lei do 27 de Abril de 1946:

-As subvencións, sen xuros, ían das 30.000 ás 60.000 ptas.

-Se non pasaba das 30.000 ptas. o custo do proxecto sería gratuito.

-O anticipo da totalidade da obra podería chegar ata o 40 %, sen xuros.

-O proxecto debía estar redactado por un enxeñeiro agrónomo.

-O Instituto Nacional de Colonización prestaba para a construción dos pombais,

tanto axuda técnica como económica.

Isto pódenos dar unha idea do importante interese que chegaron a ter este tipo de construcións adxectivas, das que temos reflexo na nosa comarca, aínda que non de maneira abundosa xa que os elevados custos deste tipo de construción estaban fóra

do poder adquisitivo do pobo, polo que tiñan as pombas nos faiados e mesmo en gaiolas feitas de paus. Non obstante, si se vían nos pazos e nas casas de grandes terratenentes.

A HISTORIA

Os romanos xa desenrolaron a cría de pombas como unha activi-



dade complementaria á agricultura e dada a súa importancia na economía familiar inclúese esta actividade dentro do Dereito Romano...“...só poden ser cazados os animais salvaxes ou os domesticados cando teñan perdido o hábito de volver para a casa do dono (animus revertendi), como as pombas...”

Existen tratados da súa cría e coidados como o de Lucio Junio Moderato Columela nacido en Cádiz no ano 4 dC. obra *DE RE RUSTICA* onde recolle en 12 volumes as actividades agrícolas e gandeiras dos romanos.

Destacan en Hispania, os Columbarios da necrópolis de Carmona (Sevilla), os de Mérida e os de Tarragona de Vila Rodona.

Na Idade Media, os pombais chegaron a ter unha grande importancia e a

súa propiedade estivo ligada ós señores feudais do que queda abondosa documentación en distintos arquivos, como son o de Simancas e mais o da Coroa de Aragón, entre outros. Neles recóllese documentación do século IX na que se mencionan palomares en cesión ou mesmo en doazón, tanto a particulares como a Ordes relixiosas, por parte de Señores feudais.

Enrique IV, en 1446, dita unha Orde de protección de palomares ante a queixa dos seus donos pola caza das pombas por parte de redeiros e mesmo

da caza con ballesta:


“Otrosy...e mando que persona ni personas algunas de qual quier estado e condición que sean, no ayen osadía de tomar palomar...e por cada paloma sesenta mrs. La mitad para el dueño de las dichas palomas e la otra mitad para el juez que lo executare...”

Xa na Idade Moderna, aparecen en obras literarias como “El Lazarillo de Tormes” ou mesmo “El Quijote”.

“Mayormente, digo que soy tan pobre... y tengo un palomar que, a no estar derribado como está, daría cada año, más de doscientos palominos...”

“...Una olla de algo más vaca que carnero, salpicón las más noches, duelos y quebrantos los sábados, lentejas los viernes, algún palomino los domingos...”

Carlos III, en 1784, ordena cerrar os palomares e colocar redes -cerrando os mesmos- nos meses de xullo a novembro, impedindo a saída das pombas para que non mermasen o gran das colleitas.





A CONSTRUCIÓN

Os pombais, pódese afirmar que son bastante frecuentes en Galicia. Hai inventariados arredor de 300, aínda que no noso val este tipo de construcións non abundan, como dixen anteriormente, si houbo,



Interior
dun
pombal

por suposto, máis dos que hoxe se conservan. Na actualidade, queda -como mellor conservado- o da casa do Fernandiño.

Na súa meirande parte son de construción circular que segundo algunha teoría -como a de F.P. Roldán- son refrexo de influencias celtas, pero tendo en conta que este tipo de construcións son propias dos nosos castrexos non vexo a necesidade de buscar máis lonxe esta ti-

poloxía construtiva que, aínda hoxe, aparece nas casas da serra noutro tipo de construcións como son os colmeares.

Estaban feitos de pedra ou de ladrillo, adaptándose o tellado ó xeito da edificación circular. A uns 30 ou 40 cm. da cuberta sae un pousadoiro de louxa, a modo de coroa, en todo o seu derredor para pousarse as pombas e poder entraren e saíren por distintos ventanucos. A porta acostumaba ser pequena e un pouco erguida do chan. Xa no interior, a uns 50 cm,



do chan arredor de toda a parede unhas laxas facían de tornarratos para protexer das pombas os niños que formando cuadrículas se estendían por toda a parede ata o pousadoiro interior. No medio, unha mesa de pedra servía para pór o gran que comían as pombas no tempo de inverno e cando estaban pechadas nas épocas da sementeira e mais das colleitas.

Ben é certo que esta práctica de cría se perdeu por mor de que o consumo

de pombas decaeu. Hoxe mesmo están consideradas como unha praga, especialmente, nas cidades polo mal que causan na pedra dos monumentos e mesmo na xente.

Na actualidade existen colectivos que pugnan porque non desaparezan este tipo de construcións.

Bueno, e con isto, aquí remata esta sección de “*construcións adxectivas*” que non tivo outra pretensión que a de achegar os

saberes e recursos que o noso pobo tiña para sobrevivir, optimizando todos os recursos que lles ofrecía o seu entorno.

Seguramente que quedaron moitas cousas por dicir e por amosar nesta sección bautizada como “*Construcións adxectivas*”, pero que mellor cousa, a modo de xermolo, para convidar a calquera e así nos faga partícipes dos seus coñecementos por medio desta revista?



O TRAXE TRADICIONAL DO HOME GALEGO

Mercedes López Pascual


Os modos e maneiras de vestir sempre estiveron ligados ás modas, como elementos diferenciadores das clases sociais, constituindo un sinal de distinción e ostentación que permitía á nobreza e á monarquía unha separación visual clara entre as clases privilegiadas e o resto da poboación.

Afonso X (1221-1284) foi o primeiro rei que regulou o gasto e a maneira de vestir, restrinxindo tanto os materiais coma a feitura. Isto puxo fin ó grande derroche en telas, vestidos, adornos e complementos, tanto por parte da xente da Corte e mais da nobreza como por

parte das xentes cun poder adquisitivo medio que pretendían confundirse coas clases máis altas.

nunca acadaron o fin para o que foran feitas.

O reinado de Enrique III (1425-1474) disque foi de grande ostentación e riqueza no vestir.



Traxes de faena

Máis tarde, o seu bisneto Afonso XI (1311-1350) modificou estas "Leis Suntuarias" facéndolas máis permisivas, aínda que a pesar delas

"Tanta es la pompa, y la vanidad generalmente hoy de todos los labradores, y gente baja, y que tienen poco, en los traheres suyos, y de sus mujeres, e hijos, que quieren ser iguales de los caballeros, y dueñas, y personas de honra, y estado: por lo qual sostener gastan sus patrimonios, y pierden su haciendas, y viven en grand pobreza, y grand menester, sacando paños fiados y otras costas, a mas grande precio de lo que valen"



Para Fray Hernando *“La demasía de las vestiduras es culpable y se debe evitar como cosa no necesaria y por consiguiente no natural”*

Podemos concluir que a forma de vestir sempre leva aparelado consigo o poder adquisitivo e as modas do momento.

Tanto a indumentaria do home como a da muller cambia moito, dependendo da zona, nos tecidos e a forma.

A desta zona, para a roupa branca emprégase o liño e mais o algodón e para a de exterior, o pano de lá, liño grosso, felpa, pana,...

CHAPEU.- Sofre varias transformacións na forma e mais nos materiais pola influencia da emigración e así podían ser de á corta ou grande, altos ou tipo bombín.



O de gala soía ser de pano mentres que o de faena de palla ou xunco. Os sombreiros usábanos os homes casados mentres que os xoves usaban a monteira.



MONTEIRA.- Usábase o pano para a súa confección. É a peza máis antiga do traxe (de orixe medieval). Podía ser de diversas formas: alta con picos ou



ben baixa e con diversidade de corido e moitos bordados.

PANO DE CABEZA.- O de gala que levaban os homes solteiros debaixo da monteira era feito en seda, en algodón ou liño; o de faena póneno debaixo dos sombreiros de palla e xuncos.

PANO DE PETO.- Feito en seda ou ben en liño fino, con bordados e mesmo



puntillas. Colócase enganchado na faixa.

PANO DE FALTRIQUEIRA.- Tamén chamado pano de nariz. Feito en liño fino e podía levar puntillas.

CAMISA.- Usábase o liño para a súa confección. A de gala levaba numerosos bordados e adornos no peito e mangas, sendo estas moi vistosas e amplas xa que a meirande parte do ano levábana tan só cuberta polo chaleco.

CHALECO.- Podía estar feito en felpa, pano, baeta, pana,... e, mesmo, se mesturan teas e cores na mesma prenda.

FAIXA.- Banda ancha que dá dúas voltas arredor da cintura, corida e vistosa.

CHAQUETA.- A que se usaba de gala estaba feita en pano e felpa. Curta e entallada para que se puidera ver a faixa; as man-

gas estreitas e curtas para que se viran os adornos das mangas da camisa. Con dúas filas de botóns que podían ser de prata.

CHAQUETA DE ABRIGO.- Máis longa que a anterior



e sen tantos adornos, en tonos escuros e en tea de lá grosa.

PANTALÓN.- A diferencia dos calzóns é máis curto.



O tecido podía ser pano, felpa e os de faena en pana.

CIROLAS.- Podían ser exteriores, confeccionadas en liño grosa ou ben para poñer debaixo dos pantalóns, sendo estas de liño ou lenzo fino.

As exteriores, eran como

un pantalón e usadas no traxe de faena.

As interiores, son dúas pernas atadas á cintura cun cordón.

CAPA.- Peza de abrigo con moito voo, feita en pano para os traxes de gala e



suxéitase ó pescozo cun broche de prata.

A de faena son máis curtas, en liño grosa e atadas ó pescozo cun cordón.

Nas zonas de montaña, usábase unha especie de capa, confeccionada con xuncos. Esta soía levar capucha e úsabase nos días de choiva para non mo-



llarse.

CALCETÍNS.- Para a súa feitura empregábase a lá escura.

MEDIAS.- As de faena, en lá escura e lisas. As de gala, de liño e caladas.

POLAINAS.- Son unha especie de botas que prote xen a perna.

As de gala, feitas de pano e abróchanse con moitos botóns ou cordón.

As de faena, poden ser de coiro ou de xuncos.

CALZADO.- A meirande parte do ano camiñábase descalzo, pero no verán usábanse alpargatas feitas con liño e solas de esparto.



Para o inverno e a zona de montaña, usábanse as chancas (tamén chamadas zocos ou zamancos), elaboradas en pel grosa e co piso de madeira.





FRANCISCO CARBALLO

(AUTIOBIOGRAFÍA)

Francisco Carballo Carballo

Son de Celeiro de Asadur (Maceda-Ourense). Nacido o 8-III-1925. O cuarto de sete irmáns (catro homes, tres mulleres). Vivimos seis (catro homes e dúas mulleres).

unha ilusión; os xogos na "carrreira" continuos; a familia, un fogar entretido. Perdín, por falecemento, a irmá maior cando tiña eu sete anos: foi moi amargo.

Aos 11 anos pedín ir estudar aos Milagres -un santuario cunha preceptoría- a seis kms. da casa. No 2º curso, no vran, faleceu meu pai: moi duro trance. Seguí estudos seus e s t u d o s

Profesor de seminario —cursos de filosofía— e estudante de Historia na Complutense (Madrid). Licenciado no 1954 con Sobresaliente. Inicieí o doutorado a compatibilizar como director do colexio San Narciso de Marín, 1954-1958. Deste a Barakaldo, 1958-1965.

No 1965 rector do Teoloxado de Paúles en Salamanca. Renovación teolóxica ao ar do Vaticano II. Así 8 anos decisivos para mudar de mentalidade.

1973 decidín voltar ao país. Vigo como domicilio; profesor da E.U. de Maxisterio e horas no Inst. Politécnico. Profesor e animador cultural, político e relixioso. Actividade relixiosa na Igrexa galega dos "Coloquios", de Irimia, etc. En Vigo había cregos obreiros e con eles vivín.

Actividade cultural directa no bairro e na A.C. de Vigo que presidín uns anos. Co-fundador e presidente de Promocións Culturais Galegas, 1977, editora de *A Nosa*



Lembro a miña infancia como inocencia, xogo e escola. Fun á escola aos cinco anos; fixen a 1ª Comuñón aos seis. Monteí a cabalo desde sempre -porque me levaban de neno e souben montar desde os tres anos-".

Era unha infancia divertida: a escola terra; as feiras de Maceda os 4 e os 20,

nos Milagros.

Aos 16 anos optei por un noviciado de "paúles" en Madrid. Catro anos en Madrid máis catro en Cuenca de estudos filosófico-teolóxicos. No máis puro "nacionalcatolicismo", nun internado filosófico atroz, mentres o teolóxico resultou amábel. Presbítero aos 24 anos, 3-VII-1949.





Homenaxeado no 2012 pola AELG no Museo do Pobo Galego

Terra. En política tomei parte na ANPG e no BNG.

Como escritor comecei en revistas relixiosas, nos anos 1946-49. Logo publiquei "O Santuario do Monte Medo", que se esgotou, nos anos 60. Ademais dos libros referidos na bibliografía, en Salamanca editei: A oración cristiá na "Enciclopedia do Catolicismo e a Congregación da Misión" - PP. Paúles, en EPESA. Teño varias monografías en números extra de *A Nosa Terra*, ensaios en revistas internacionais, etc. Escribo, semanalmente, no periódico *A Nosa Terra*, reseñas de libros e/ou columnas.

Desvelei a miña interioridade en "Conversas co Francisco Carballo", obra de S. Prol e X. Carballa. A iso me remito. Toda a miña actividade pode dicir que está sempre arredor da historia, da reflexión teolóxica e do vivir dun galego crente. Mais

isolados tentei o ensaio literario e nen siquera o conservo.

Nos artigos en *A Nosa Terra* e en varios outros medios, procuro combinar pensamento e bo expresar. Teño consciencia da lingua galega na que me ubico e que debo coñecer e usar con rigor e estilo.

Conservei o diario "de melancolía e soños" desde os 16 anos, que, aos sesenta, botei ao lume; gardo algo dos anos 1963 e seguintes. Nos anos 1990 redactei unhas Memorias que serviron a Prol e Carballa para as "Conversas", de vez en cando prosígoas

Vivo no Morrazo desde que me xubilei como profesor. Comparto casa con paúles; estou activo: ministerialmente coa pequena Igrexa galega de *Irimia*; culturalmente, con

amo a mon-taña, o mar, o silencio das noites de luar e os días de choiva quente. Pero só en casos

colectivos v.g. *Fundación Joan Maragall*, *Maio Longo* (Pontevedra), *Pedra Longa* (Marín), *A Nosa Terra* e outros; intencionalmente, co BNG. Intento dar remate a unha monografía s. XVI de *Galiza* e a un ensaio cristián sobre "inserción do cristianismo" na nación.

Son asiduo de canto virtual se publica en galego, e non virtual por suposto; coñecía a BVG. Inda que son da Asoc. de Escritores en Lingua Galega (AELG), non creo literatura e non me considero chamado a tan egrexia categoría de creadores literarios. Gosto da investigación e acepto o ensaio como diálogo cos lectores.

[Marín, 8-XI-2004]



Acompañado por Luis Del Campo

SANTISO, A CONSTRUCCIÓN DUNHA PAISAXE (I)

José Manuel Pascual Ramos

Santiso: localidade integrada no concello de Maceda (Ourense), parroquia do mesmo nome que tamén comprende a aldea de Calveliño do Monte sita a 2,5 Km.

dantes mananciais da serra, do río do mesmo nome e mais do regato do Couto, máis a importante superficie cultivable sobre terras arxilas de derrubios de ladeira, así como a súa disposición sobre o camiño de Xestosa

historia das terras de Maceda e a Alta Limia.

Na Idade Media o lugar denominábase “*Sancti Thyrsi*”. Co tempo, o nome converteuse no topónimo Santiso, (Sancto Tirso



Ó lugar actualmente accédese por estrada desde Maceda, por Xinzo da Costa (9,4 Km), por Barxela (10,6 Km) ou desde Vilar de Barrio, por Arnui de Escudro (13,6 Km)

Santiso, denominada polos seus aldeáns como a “*Vila da Serra*”, localízase a metade de ladeira da fosa que forma o val do Medo, conca de Maceda, 100 m. de media sobre a súa chaira, 680 m. sobre o nivel do mar, nas estribacións SO da serra de San Mamede.

A súa situación xeográfica, con suficiente subministración de auga que provén dos abun-

que comunica as terras de Caldelas coa Limia, camiño para peregrinos ó Santuario dos Milagros (desde moi antigo, noticia escrita desde 1602), de xornaleiros ás segas de Castela, así como á feira de Maceda (desde 1401), sen contar antigos e innumerable ires e vires de castrexos interamnicos, romanos e suevos, amais dos xa de moito máis modernos de frades, nobres e abades, guerras (carlistas), escapados (guerras civís), sen considerar a súa riqueza humana, histórica, xeolóxica, arquitectónica e paisaxística (que de todo iremos vendo un pouco) fanlle ter un lugar significado na

de Limia, San Tirso, Santirso), un vocábulo do léxico relixioso mudado en topónimo.

San Tirso, de etimoloxía grega (Thyrus, “contemplador”), foi un mártir do ano 251 na persecución de Decio en Sozopolis (Apollonia, por entón), lugar Frigia [Grecia]. Segundo a tradición, Tirso, despois da tortura foi sentenciado a ser cortado en dous, pero a serra non podía cortar a súa pel, pel que se fixo tan pesada que os verdugos non podían levantala.

Na repoboación medieval da Reconquista é de notar a importancia do patronímico de San



Tirso pois, en Oviedo, capital do aínda novo reino de Asturias, nunha época en que o sentimento relixioso estaba fortemente excitado pola loita cos árabes, Afonso II o Casto erixiu igrexas e mosteiros; a Catedral e edificios relixiosos constrúense no curto espazo de tempo, do 795 ó 812, segundo citan as datas de doazón, e despois, durante o seu reinado, foron construídas as igrexas de Santa María, San Miguel, San Xoán e San Tirso, que coa do Salvador formaban unha cidade relixiosa, unha Hierópolis habitada por bispos, monxes e presbíteros. Unha liga de primeira división na que xoga S. Tirso.

En 1513, España solicita e obtén da Santa Sé autorización para celebrar a festa do Doce Nome, pero é en 1683 cando o Papa Inocencio XI declarou a súa onomástica o 12 de setembro para perpetuar a vitoria cristiá sobre os turcos nese día do mesmo ano en Viena, atribuíndo mérito e gloria da xornada ó favor e socorro da Virxe María.

A área xeográfica na que se asenta o actual Santiso tamén tivo unha protohistoria da cal, con todo de non quedar reflectida na propia poboación, excepción dada do culto a un deus, na súa proximidade e á marxe de certa decoración tradicional exterior que mostran algunhas vi-

Lama Ma (Medorra de Calvelo, 1978). Seguiron a estes os construtores de tumbas megalíticas (mámoas) entre o III e II milenio aC. como as de Veigachá e máis próximas, de Escuadro e monte Coto, esta última citada no documento de lindes do mosteiro de Montederramo referido máis adiante (...*pinediu de Lobo ad mamoa de Coto...*). Ó final deses tempos (2.000 aC.), preto da veciña Xinzo da Costa, gravaban un petróglifo (penedo do tesouro) con diversos signos, entre eles un ídolo de grandes ollos, que tamén podía ser a representación dunha alabarda, unha arma parecida ás machadas de bronce que fundían entre 1.700-1.500



Tamén Santiso se rexistra ás veces como Santa María de Santirso, curioso cambio patronímico, parroquia adscrita ó Arciprestado de Maceda (Bispado de Ourense) e é curioso, celébrase a súa festa patronal, "*Doce Nome de María*", o día 12 de setembro.

vendas, si se pode observar a súa pegada en lugares o suficientemente próximos, a menos de 5 Km.

Polo 8.000 antes de Cristo (aC.) cazaban homes polas súas terras, como demostran útiles de cuarcita localizados nas prazas de Vilariño (1976) e en

aC. metalúrxicos que forxaron as armas achadas no depósito de Roufeiro (Sarreaus de Limia), ou a machada de talón descuberta en Castro de Escuadro, que talvez fose fabricada co estaño extraído da casiterita do Medo ou lugar da Moura en Xinzo da Costa.

A principios da nosa era, des-

cobren os romanos as terras nas que se enclava Santiso e bautizan ós seus habitantes como a *gens interamnica*, non coñecidos por fontes literarias clásicas, só polas epigráficas como a columna da Ponte dos Pobos de Chaves (Padrão dous Pobos, 79 dC.). Pero a cultura que dominaba a zona era castrexa, de grande desenvolvemento entre o V aC. e IV dC. e os poboadores residían nos cercanos castros de Malamao en Escuadro, hoxe moi erosionado, aínda que evidencia algún anaco de muro e fábrica en circo, restos de cerámica e tella (tegula) ou seica, tamén, vivían noutra paraxe, Vos Castriños, próximo a Calveliño do Monte, que pola súa disposición suxire a presenza dun castro, como así mesmo o lugar que ocupa Castro de Escuadro; outro castro moi próximo e de importante volume está lindante con Santa Marta.

Roma deixa xa notables restos como a lapida conmemorativa de Asadur (III dC.), a capital da *gens interamica* romana como certifica a ara dedicada ó xestor Quinto Licinio e a inscrición *RES P*(ública?) *Int*(erámica?). Outra apreciable lapida romana en Escuadro, de dura

cuarcita branca, máis tarde encaixada no altar da igrexa e hoxe no atrio, tamén lembra a catro nais de nome latino, Paterna e Flavinia, con fillas de nome local Dovecia e Talavia, tuteladas por outra romana Apronia Rufa que suxiren asimilación da cultura romana, amais dun sistema social matrilineal. Pero un pouco máis aló, en Pías, está unha ara que representa unha ofrenda a un deus local romanizado de apelido totalmente ligado a Santiso: Torolo Combiciego. A relación obriga a realizar un alto.

A ara citada está a facer de pé dereito no campanario da capela de S. Pedro de Pías.

A súa inscrición TOROLO/COMBIC/IEG[C?]O FLA/VIUS FLAVIANUS/VSLM, refire unha ofrenda realizada no século II polo romano Flavius Flavianus cumprindo un voto a Torolo Combiciego. Torolo, deus local (prerromano), asociado ó epíteto Combiciego que alude a un territorio próximo, hoxe coñecido como As Combicias, na ladeira leste do monte Couto, angostura situada fronte á poboación de Santiso pola que discorre o río do mesmo nome. Torolo poida que sexa unha representa-

ción asociada de culto a Reue ou Bandua, deuses amplamente adorados na rexión, hoxe provincia de Ourense.

Outra ara parecida á de Pías datouse en San Miguel de Calvelle (O Pereiro de Aguiar) segundo un manuscrito de D. Pedro González de Acevedo, bispo de Ourense (1587-1594), que se destacou por ser un grande estudoso e cursar numerosas visitas á súa diocese, garantía da inscrición e referencia do lugar de achado. A inscrición da ara é similar á de Pías: COROLUVH/KΑμβετiKH MARANTIVS/RVFVS V S/L M, que Román de la Higuera descifra: Torolo Combiciego/M(arcus)—runtius/Rufusv(otum)s(olvit))L(ibens)m(erito),

Tamén existen Lareiras Turolicis (Laribus Turolicia) en Freixo de Nemão (Portugal), deuses domésticos ou a cita de Rodríguez Colmenero de teónimo noutra inscrición, *POR*[ou]*O*, localizada en Vila-martín de Valdeorras (Ourense) sexa outro voto á mesma divindade, ambos os dous vinculados ó epíteto Turolicis que se trata seguidamente.

Ara de Pías (Maceda)		Miguel de Calvelle (O Pereiro de Aguiar)	
TOROLO COMBIC IEGO FLA VIUS FLA VIANUS V[otum]S[olvit]L[ibens]M[merito]	Flavio Flavianus cumpriu de boa gana e debidamente a promesa ó deus Torolo Combiciego (das Combicias)	COROLUVH KΑμβετiKH M ARANTIVS RUFUS V S L M	TOROLO COMBICIEGO M(arcus) ARANTIVS RUFUS V[otum]S[olvit] L[ibens]M[merito]



Á anterior colección engádesse a ara existente no interior da igrexa de Pías, así como o sospeitoso alicerce compañeiro da dedicada a Torolo, ambas as dúas coa inscrición borrada. Refire a lingüista Branca M. Prósper sobre a ara de Pías, que TOROLO admite orixe de nome de accidente natural, polo significado da raíz *tor-*, que alude a “pasar, perforar”, e derivada co sufixo *-o*, denomina a lugar, monte ou **tor-los*, TOROLO (dat.) “arroyo”.

En España abundan hidrónimos de raíz *amb-* como Cambeses (Pontevedra), Cambilla (Cantabria), Cambar (Portugal)... Con evolución castelá (?*mb-*→*-m-*) hai casos como fonte da Cama, arroyo e río Camaces (ambos os dous en Salamanca). Tanto a forma toponímica moderna Chambois (Orne), Cambado (Ourense) e a cidade dos Lubanei, gens Callaeci Bracari, identificada Cambedo, proceden dunha única protoforma *kambeto*, pero sorprende o relevante paralelo do hidrónimo Combiciego na Rivera de Gomeciego (Vitigudino, Salamanca), Comeciego (ver Google maps).

En resumo, o nome da divindade Torolo Combiciego na inscrición implicaría que a ara se dedica a unha divindade fluvial, Torolo sería un arroyo, aínda que tampouco se descarta o significado de outeiro referido ó monte Viso ou Couto. O epíteto

significaría do val, que se entendería finalmente, como nome propio dun hidrónimo (un río, o Santiso).

Non se pode esquecer a *Via Nova (XVIII antonina*, de Braga a Astorga), sinalada por un mínimo de catro miliarios en Cima-devila (Tioira), milla LXXXII (82 MP) e o tramo da súa traza do hoxe case cego “camiño da Xe” que subía pola aba o Pedroso, e que xa a cotas baixas situaba a mansio romana de *Salientibus* (s. I), de contrastada localización na contorna de Xinzo da Costa. Así mesmo hai que referir a evidente derivación dun ramal, declarada sobre o terreo, desde a paraxe do Barcal en Xinzo ata Santiso, vía que debería seguir por Escuadro ata cruzar o Arnoia en Arnude.

Outros restos romanos atópanse preto da Vía, no val de Maceda: desde os relevantes miliarios en Foncuberta, milla LXXX (80), muíños de man na área de Tioira, o beneficio mineiro do Medo ou Xinzo da Costa,... pero, aínda que sexan moito máis insignificantes, si é obrigado referir uns sillares que hoxe forman parte da parede da palleira que hai no camiño á igrexa de Santiso e que foron traídos en tempos recentes, despois de ser desenterrados, por canteiros do veciño Xinzo (Damas (+) e Secundino Gómez), lugar onde se evidencia abundante cimentación e outros

restos romanos, entre os que destacan relevos serpentiformes seica vinculados a cultos solares e curativos, polo que se lle pode atribuír o ser elaborados en tempos romanos. Este tráfico de pedras dá pé a revisar o que se deduce hoxe das localizacións de pezas anteriores, pero iso é outro tema, non había tanta poboación como para habitar tantos lugares, talvez os restos estarían máis concentrados.

E é de lei lembrar que Roma sementou os montes de castiñeiros para alimentar escravos e lexionarios, antepasados dos insignes, venerables e agradecidas árbores que balizan os soutos da Serra que alimentaron ós nosos antepasados.

O século V dC. representa un tempo de grandes e fundamentais cambios: relixiosos (extensión e auxe de poder do cristianismo), políticos (irrupción de pobos xermánicos e desmantelamento do Imperio Romano de Occidente) e económicos (outros sistemas de produción e conceptos de propiedade). O Imperio Romano derrúbase, o cristianismo é declarado relixión oficial e única e os pobos xermánicos traspasan a fronteira do Rin. Factores relevantes que determinan a estrutura social da comarca de Santiso e que teñen as súas raíces no século IV.

Por unha banda, a crise im-

perial do s. III dC. en Gallaecia deriva nun auxe da anterior reli-

gáns e cristiáns, como no caso probable de Santa Eulalia de Bó-

Pero, no s. IV, entre outras discordias cristiás, por non cha-



xión indíxena, animista ou panteísta, pero impórtanse, e con profusa difusión, crenzas de Oriente traídas por lexionarios e comerciantes. Mitra e deuses orientais como Serapis e Isis veneráronse en Chaves, Astorga e Braga, aras á Magna Mater [Cibeles] aparecen en Chaves e Xinzo de Limia e aí está o complexo de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo). O cristianismo penetrou en Galicia de modo análogo ás outras relixións orientais. Chegará e implantarase en as *villae* periféricas dos núcleos xa romanizados e estenderase seguindo a rede viaria romana, no caso a *Vía Nova*.

Xa a principios do s. IV, había comunidades cristiás en Astorga (León) e desde o III dC., existen datos paleocristiáns en Galicia, en lugares clave como a conca do Sil, o Crismón de Quiroga. (410-425, V dC.) en Sta. María da Ermida (Quiroga, Lugo), superposición de lugares culturais, pa-

veda (Lugo) no *conventus lucensis* ou a presenza dun complexo cultural paleocristián desde o século IV en San Verísimo de Ouviogo nos Blancos (Xinzo de Limia) no *conventus bracarensis*.

En Roma, o cristianismo tras ser perseguido, desde o 313 goza de liberdade ó anular o emperador Constantino as medidas anticristiáns e despois del, todos os emperadores se declaran cristiáns, salvo Xuliano (361-363). Xa no 392, Teodosio prohíbe toda práctica dos vellos cultos e pecha os templos pagáns, mesmo penaliza con fortes penas a práctica dos seus ritos: un escenario coactivo así impulsará a xeral conversión. Por outra banda, desde finais do século IV, tanto a presión fiscal como a legal, as vantaxes para facer carreira, etc., todo convidaba a cidadáns e funcionarios a abrazar a fe cristiá.

malas herexías, Arrio ensinaba que o Pai (Divos) transcendente, principio de todas as cousas, e o Fillo (Cristo) eran dúas persoas diferentes, negaba o dogma da Santísima Trindade, perante os unitarios cristiáns católicos. A difusión da doutrina leva a Constantino a convocar no 325 o Concilio de Nicea (Asia Menor), o primeiro universal ou ecuménico, cuxo resultado foi un credo de rexeitamento das teses de Arrio e afirmou que Fillo e Pai son "*idénticos no ser, dunha soa substancia*". A vaguidade do termo "*identidade*", achegou outro medio século de porfías, entre as cada vez máis afastadas Igrexas de Oriente e Occidente. Teodosio resolveu o debate arriano ó decidirse pola ortodoxia de Nicea, revisada polo Concilio de Constantinopla (381). A condena causa o exilio arriano que os leva ás terras bárbaras do norte, onde converten ós seus pobos, entre eles ós godos.



A cuestión anterior non só é un debate teolóxico, é un credo que derramou moito sangue: cando o poder político e católico (os arrianos) son perseguidos, cambianse as tornas, a vinganza dos segundos supera os atropellos dos primeiros, e así sucesivamente.

Desde Teodosio, no curso do século IV percíbese con claridade a progresiva substitución do organigrama administrativo e territorial romano polo que lenta -pero progresivamente- vai implantando a Igrexa. É evidente que este esquema administrativo civil pervive máis aló do século V, pero tamén é obvio que a Igrexa tomará a substitución no que respecta á administración e vertebración do territorio a partir das sedes episcopais nos diferentes territorios diocesanos que se van configurando. Así, moi pronto, identifícanse as autoridades cristiás cos vellos poderes estatais romanos, como o caso dos seus bispos dirixindo galaico-romanos nos seus conflitos e escaramuzas cos suevos. No proceso nacen correntes de contido social como o priscilianismo, que atopará en Gallaecia o clima propicio en contextos castrexos, de servidume ou nas colonias das vilas, poboación rural indíxena non moi romanizada. As actas do I Concilio de Braga (561) constatan como aínda na segunda metade do século VI dC. o priscilianismo continuaba fortemente asentado.

Na interpretación popular do cristianismo, perviven aínda restos das primitivas crenzas pagás. As fontes, os ríos, os bosques de carballos e as rochas atraían ós primeiros cristinianos á hora de edificar os seus cenobios. Moitas ermidas actuais están construídas sobre antigos lugares de culto pagán, mesmo reaproveitando algún material que grazas a isto tamén se conservou, pero, aínda que os lugares se cristianizaron, o fondo relixioso primitivo tradúcese en todo o ritual e mesmo no calendario de festas populares cristiás, por non dicir as subconscientes mostras de devoción relixiosa que aínda se conserva hoxe na rexión.

Os ermitáns retíranse ás montañas, e nos lugares que noutro tempo recibisen cultos pagáns, agora xorden ermidas: San Mamede do Medo, seica os Milagros, por non dicir outros máis evidentes como San Pedro de Rocas (s. IV).

Roma era liberal coas crenzas, respectaba os credos autóctonos, pero a Igrexa, na súa loita contra o pagán, reprimirá costumes, e máis os relixiosos, na evanxelización da comunidade galega, sobre todo a rural. Como mostra, Martiño de Dumio, autor da conversión ó cristianismo do reino suevo, na súa obra *De correctione rusticorum* que delata a forte pervivencia pagá na Gallaecia do s. VI, con

ritos e prácticas vivas non hai tanto tempo, pero que tamén reflicte as crenzas que puido haber por terras de Santiso.

“Así invocan nos ríos ás Lámias, nas fontes ás Ninfas, nos bosques ás Dianas, demos e espíritos malignos que atormentan e vexan ós homes sen fe, que non saben protexerse co sinal da cruz”, ...pois acender cirios xunto ás pedras, ás árbores, ás fontes e polas encrucilladas, que outra cousa é senón culto ó diaño. As adiviñas e os agüeros e a celebración dos días dos ídolos, que outra cousa é se non culto ó diaño? Celebrar as Vulcanais e as Calendas, adornar as mesas, pór loureiros, derramar no lume e encima dun tronco gran e viño e botar pan á fonte, que outra cousa é se non culto ó diaño? Que as mulleres ó tecer invoquen a Minerva, que para casar observen o día de Venus e presten atención a que día se sae de camiño, que outra cousa é se non culto ó diaño? Enfeitizar herbas para encantamentos e invocar os nomes dos demos ó facer o encantamento, que outra cousa é se non culto ó diaño?”

Tamén o Papa San Gregorio Magno, polo ano 509, expresaba claramente:

“Suprimilo todo dunha vez neses espíritos incultos [os pagáns], é empresa imposible. Quen queira chegar ata a cima, debe proceder por graos e non por impulsos. Gardádevos, pois de

destruír os seus templos; destrúide só os seus ídolos e substituílos por reliquias...".

(Portugal), ó norte do Douro, dominando o territorio ata o 585, ano que o absorbe o reino Visigodo. Hai que considerar que

e man de obra escrava. Pero agora cos suevos, a base económica pasa a ser agrícola, sector onde estes achegan innovacións:



Nos concilios de Braga e de Toledo, e actas sinodais e informes de visitas pastorais ás parroquias rurais galegas, faise abundante referencia á cristianización de antigos lugares de culto (montes, pedras, encrucilladas, fontes, correntes de auga,..) onde se obraban ritos que favorecían a fertilización ou a cura de enfermidades.

Nos inicios do s. V dC, ano 411, a pouco da “execución” de Prisciliano (385) e aínda viva a súa doutrina en Galicia, aparecen os xermánicos Suevos que fundan certa estrutura política, un reino con capital en Braga, nacido na decadencia do Imperio Romano de Occidente na actual Galicia e área de Braga

non é unha invasión en sentido estrito, é un asentamento derivado da repartición que fai Roma das terras hispánicas entre as tribos xermánicas. Por tanto este pobo tense que acomodar no territorio que os hispano-romanos deixan libre: montañas e campos sen labrar, un dato relevante que terá consecuencias futuras.

Da etapa sueva interesa a revolución que causa a súa adaptación a un sector como é a explotación e réxime agrícola á cal o réxime romano, máis interesado polo beneficio mineiro, é indiferente e non modificará os costumes da poboación autóctona cunha produción baseada nun sistema de granxas ou vilas

o arado cuadrangular de madeira (aínda hoxe conserva o seu deseño); o barbecho, enriquecendo o chan co cultivo de trevo e alternancia anual, semente non empregada no cultivo de cereais e sobre todo practicando unha agricultura social propia do seu forte carácter tribal. Moitas destas prácticas, abrigo incluíndo agricultura comunal, resisten o paso do tempo: regúlanse na Idade Media e aínda se usaron ata hai pouco en zonas montañosas ó N do Douro, onde terra e estruturas agrícolas, como muíño e forno, trilla ou recollida de froitos, son comunitarias, propiedade e sistema de traballo comunitario aínda vivente.



O monte comunal asóciase co Dereito xermánico fronte ó Dereito Romano que contempla exclusivamente a propiedade individual e patriarcal. A pervivencia de tal tipo de propiedade durante séculos en Galicia, evidencia unha implantación maior que noutras áreas peninsulares onde tamén existía. Aínda hoxe, en Alemaña, máis do 20% dos montes son comunais.

Os Suevos rompen o illamento natural de rexións montañosas e agrícolas como o norleste Transmontano. Tampouco cabe menosprezar o legado de toponimia: Mondariz (Vila de Munderico), Gondomar (Vila de Gundemaro), Guitiriz (Vila de Witerico), Allariz (Vila de Alarico), etc. e cantidade de nomes e apelidos xermánicos que perviven na onomástica (Gosende, Arulfe, Emberde, Baamonde...).

A sospeita de poboación sueva pola advocación de Santa Eulalia en Escuadro (santa sueva, por excelencia) e, por que non dicilo, a notable densidade de louros en Escuadro e Castro.

Hidacio vive en directo esta etapa, polo que é un idóneo cronista. Nacido en *Civitas Limicorum* (Sarreaus, Xinzo de Limia) e bispo de *Aquae Flaviae* (Chaves, Portugal), autor do "*Cronicon*" que abarca o período 409-468, e é o reflexo da histo-

ria sueva. O autor refire situacións que afectarían seguramente á contorna de Santiso:

Ano de 430, os Suevos, que baixo o rei Hermerico, devastaban "as medias partes da Gallaecia", mortos en parte e en parte capturados pola plebe, que retíña os lugares fortificados máis seguros, restauran a paz que violaran,...

Os Suevos atacan zonas de Galicia, sexa por razóns demográficas, repartición de terras ou de dominio e control territorial, nun intento de converter o que era zona de influencia en zona de ocupación, sexa porque os ataques se dirixiron contra a rexión interior da Gallaecia ("*medias partes Gallaeciae*", Ourense e Lugo interior); pero os galaicorromanos, fortificados nos seus castros ("*castella tutiora*") derrotan e capturan a boa parte dos xermanos. O anterior tamén é indicio de que aínda había lugares da Gallaecia non sometidos a suevos nin a Romanos. No texto do *Cronicon*, Idacio utiliza para Gallaeciae "*extremas sedes*", "*in extrema parte*", ou "*ulteriores partes*", para as áreas preto do Océano, así, "*medias partes*" libres, teñen que ser as do interior. En canto á paz restaurada, debeu de ser a que se mantiña desde o mesmo momento da ocupación do país, que, segundo refire Paulo Orosio (*Historiarum adversum pagáns, VII*), foi pacífica.

No 455, V ano de Marciano, na era 494, Theodorico, rei dos Godos, entra nas Hispanias cun inxente exército e o consentimento e a disposición do emperador Avito. O rei Rechiario, cun grande número de suevos, sáelle ó encontro no duodécimo miliario da cidade de Astúrica, no río chamado Urbico (río Órbigo, en Hospital de Órbigo, León, a doce millas de Astorga) o día III das nonas de outubro, sexta feira (5 de outubro do ano 455). Comezado enseguida o combate foi vencido, perecendo moitos dos seus; bastantes foron capturados e a maior parte deuse á fuga. E el mesmo, golpeado, conseguiu refuxiarse con dificultade, nas extremas partes da Gallaecia.

O rei Theodorico marcha co seu exército cara a Bracara, a extrema cidade da Gallaecia. O III das calendas de novembro (30 de outubro), día do Señor, a cidade é saqueada aínda que incruentamente, feito, con todo, o suficientemente triste e deplorable. Numerosos romanos (suponse gallaecos romanizados e itálicos asentados), prisioneiros, foron levados á catividade; as basílicas dos santos foron forzadas, os altares derrubados e crebados, e despois, as virxes (monxas ou relixiosas) levadas pola forza, aínda que conservada a súa integridade e os cregos espidos ó límite do pudor.

Todo o pobo, sen distinción

de sexo, xunto cos nenos, foi sacado dos lugares santos ós que se acolleran e os animais de carga, o gando e os camelos, satisfeitos co espanto do lugar sacro. Un exemplo, renovado en parte, da cólera celeste sobre Hierusalem, segundo as Escrituras.

Os maltreitos restos do exército de Reckiaro, formado por galegos e suevos, na súa fuxida cara a Braga seguen a *Vía Nova*, a calzada romana que une Astorga (León) con Braga (Portugal): pasan a ponte do río Bibei, soben sufocados polos empinados cóbados de Larouco, e a fume de carozo cruzan Trives, Nemetobriga, e diríxense cara ó alto de Cerdeira. Baixan desde o Rodicio polo Pedroso, pasan por Xinzo da Costa, Tioira, Foncuberta, cruzan o río Arnoia e pérdense por Miamán. Co cansazo e o esgotamento, algúns van escondendo o botín saqueado na Tarraconense que aínda lles quedou coa intención de regresar a buscalo. O exército godo de Teodorico pasa pouco despois seguindo os seus pasos, ante o asombro e o temor dos habitantes das terras da conca de Maceda que non saben quen son. Moitos dos tesouros ocultados na fuxida, non foron recuperados, pois ó chegar a Braga, os godos conquístana e saquean o día 28 de outubro. Reckiaro foxe a Portucale (O Porto), pero Teodorico en decembro ordena a súa decapitación.

Ano de 460, Requi mundo (rei suevo) devasta as veciñas paraxes *aurigenses* (de Ourense)? Establécese un simulacro de paz entre gallaecios (galaico-romanos e castrexos) e os Suevos.

Volvendo á cuestión relixiosa, os Suevos chegan pagáns, fanse cristiáns católicos no país invadido (polo 448), seguramente por intereses de integración política.

448, Rechila, rei dos Suevos morre pagán en Emérita (Mérida) en agosto. Sucedeulle no reino o seu fillo Rechiario, católico, a pesar da oposición oculta dalgúns rivais da súa familia. (Hidacio)”.
 Pero daquela (polo 470) pasan por un período arriano, para tornar finalmente ó catolicismo (cara ó 550) con Martín de Dumio. O visigodo Leovigildo asimila o Reino Suevo en 585. Este monarca seguirá unha intensa política de arrianización contra os bispos católicos, pero en tempos do seu sucesor e fillo Recaredo, o III Concilio de Toledo (589), proclama a conversión oficial dos godos ó catolicismo, así son só catro anos arrianos nos cales se profesarían tan só certas elites suevas, non afectando a base popular.

Cos Suevos aparecerán dúas institucións que afectarán profundamente toda Galicia, pero

considerablemente a comarca de Santiso: o territorio, parroquia ata hoxe, e dous mosteiros (Montederramo e Xunqueira de Ambía) desde o s. XI ata a desamortización de Mendizábal de 1835, con influencia na historia que chegan ata hoxe.

En primeiro lugar, a Igrexa sueva organizou o territorio en *pagus* con nome de lugar ou grupo étnico, relación citada no *Parrochiale suevum*. Esta estrutura relixiosa do s. V, fundamenta a idea de territorialidade da actual parroquia galega co paso do tempo.

Desde mediados do s. IV o marco urbano e diocesano modifícase coa construción de igrexas rurais que son o xerme da posterior rede parroquial que se consolida en plena Idade Media. Ó sur do Miño, para o territorio ente os ríos Limia e Ave, o *Censual* do Bispo D. Pedro de Braga de finais do s. XI censa unha densidade de parroquias notable: 573 igrexas rurais, das cales 454 aínda hoxe son parroquias equivalente a como se hoxe houbera 8 igrexas no concello de Maceda fronte ás 11 parroquiais actuais (sen contar as capelas), unha densidade moi similar. Para ese mesmo sector o *Parrochiale Suevum* menciona 31 “pre-parroquias” (a maior densidade do NO) na segunda metade do s. VI. Esa densa e tupida malla de igrexas rurais viría dunha longa evolución ó longo dos séculos VII,



VIII, IX e, por tanto, dunha actividade construtiva que non se interrompería nin no século VII nin no VIII. Aínda no século VII a localización dos edificios estaría estreitamente vinculada coas facilidades de acceso e de comunicación ofrecidas pola rede viaria de época romana. Así pois, as orixes da parroquia rural na Gallaecia, non está na reordenación territorial, nin nas reformas construtivas que marquen diferenza, nin abrigo no contexto da mal chamada Reconquista e repoboación, senón nas transformacións que teñen lugar ó longo da antigüidade tardía (entre o IV e VII dC.) e nas que o proceso de cristianización rural xogou un papel sen dúbida determinante.

En segundo lugar, o marcado carácter monástico que imprime Martín de Dumio (San Martiño Dumense), labor continuado por San Fructuoso de Braga a mediados do século VII, ambos os dous monxes antes que bispos, na súa actividade pastoral e evanxelizadora en áreas da provincia de Gallaecia. Aparece o xerme do mosteiro.

O grande organizador do monacato en Galicia foi Martín de Dumio que chegou a terras galegas polo 550, tras pasar polas Galias e Roma, creando o monacato a semellanza dos que vira en Siria e Palestina. A abadía cenobítica de Montecassino (Italia) fúndase no 529, onde San Benito de Nursia no 534 creou a

regra bieita.

Preto do territorio que nos ocupa, estreitamente ligado a San Martiño Dumense, fúndase en 573 o mosteiro de San Pedro de Rocas.

No s. VI existen comunidades eremíticas como a anterior na *Ribeira Sacra* (Rivoira Sacrata), á beira do Sil. Os eremitáns destas ribeiras uníronse a inicios do século X para fundar un mosteiro, o de Santo Estevo de Rivas de Sil, baixo a dirección do abade Franquila.

En Asadur confírmase un mosteiro de monxas toquinegras bieitas no s. IX: "...*doa Ximena (Exemena), filla do rei Ordoño 99 e de Elvira Menéndez...* "commorantem in mosteiro Satur [Asadur]" ano de 936, do que sobrevive un admirable relevo da crucifixión sito na parede da igrexa parroquial, de estilo de realización que suxire unha antigüidade como mínimo do século VIII por paralelismo con outras imaxes. O cenobio sería fundación da familia de San Rosende, outro gran fundador de monacatos.

En Galicia, desde finais de s. IX, había dous tipos de mosteiros, por titularidade: eclesiástica (bispado) e de propiedade patrimonial (hereditas de Rocas ou aeredirare de Asadur) fundados por familias da elite social (ricas, nobres, etc.) cedendo o usufructo ós seus monxes.

Tamén as regras (normas guía, idearios) que seguían os seus frades dependeron da época. San Fructuoso, polo 630, escribe regúlaa Monachorum e no 656, xa arcebispo de Braga, dita regúlaa Communis, máis benigna que a anterior, en Galicia guía nas fundacións monacais desde o século VIII ó X.

Co s. IX os monxes occidentais eran xa case todos benedictinos, substituíndo a regra deixada por san Bieito ás anteriores, cuxo principio fundamental é Ora et labora (Oración e Traballo). A finais do século IX hai benedictinos en España, pero en Galicia, non é seguro que sexa antes de xa avanzado o s. XI, substituíndo ás normas disciplinarias de san Martín Dumense e ás regras e pactos de san Fructuoso de Braga.

A orde de Cluny xorde en 909 en Francia como reforma da anterior (bieita), para elevar o nivel ético e cultural do clero ante a decadencia da disciplina monástica. Penetra na Península Ibérica en tempos de Afonso VI, acaparando os postos máis importantes da xerarquía eclesiástica.

Por último a orde do Cister, sancionada polo Papa en 1119, sendo o autor do Estatuto Constitucional, *Charita Caritatis*, o terceiro abade de Citeaux (Francia) en 1109, Esteban Harding, primeiro lexislador e o seu

real fundador. A entrada en España é tardía, e é desde os anos corenta do s. XII que comeza a fundación cisterciense que dura ata 1245.

Á Orde do Císter, que no seu ideario inicial relega a percepción de rendas e diezmos en

O coto delimita un espazo, unha inmunidade dentro deste espazo acoutado e o poder dos abades de administrar xustiza e aplicar impostos. Nesta situación, ademáis do dominio sobre as terras, existe tamén un dominio sobre as persoas.

das rendas.

En todos os casos, hai diferenza entre renda producida como propietario da terra por arrendo e foro, e renda por ser señor do coto (do que só se é parcial propietario) como a lucuosa, o xantar, diezmos ou

Mosteiro de Montederramo



Colexiata de Xunqueira de Ambía



favor de labor manual, débesele grande parte da colonización de terras abandonadas tras os despoboamentos da invasión sueva e árabe ó erixir abadías en apartados lugares, lonxe da influencia episcopal, colonizando novas terras, creando explotacións dependentes de cada mosteiro, repoboando ou fundando centros rurais con man de obra servil. Pero un fundamental cambio tén lugar mediado o s. XII: implantar os contratos de foro, o contrato feudal por excelencia. Mediante as cartas de coto, vólvense vasallos a maior parte de galegos, en dependencia directa dos poderes eclesiásticos, como os mosteiros.

Nese escenario a protección rexia orientouse en cambio cara ós centros urbanos. O pobo aceptou este sistema, como o proba o feito de que na revolta "irmandiña" (levantamento de labradores en irmandade) do s. XV, nos momentos de triunfo, a súa principal reclamación e esixencia é a fin do abuso de nobres, sen citar ós mosteiros.

Paso a paso o Císter reduce a explotación directa das terras en beneficio da cesión a arrendatarios para que as cultiven a partir dun censo anual. No século XV, a maioría de terras están concedidas a xente allea ó mosteiro, os mosteiros cistercienses viven

outra carga de tipo impositivo.

No ano 1552, o Císter galego tiña 4.264 vasallos, o 67,7% dos veciños dependentes das casas cistercienses da Coroa de Castela ou o que é o mesmo, o 67,7% dependían dos mosteiros cistercienses de Galicia, dos cales de Montederramo eran 634 e de Xunqueira de Espadañedo, 70. No ano 1760 Montederramo tén 693, forte incremento de aforados, pero aínda moi inferior ó que teñen a media do conxunto de mosteiros galegos.

As dúas institucións monásticas que inflúen na historia de Santiso son:



- **A colexiata de Santa María de Xunqueira de Ambía**, fundada no 955. En 1150 é cedida á colexiata de Sta. María do Sar (Santiago) por Afonso VII para aloxar unha comunidade de agostiños. En 1602 é anexada á sede de Valladolid, cuxos bispos pasan a ser os seus señores e rentistas dos seus cotos, entre eles as terras aforadas de Santiso. Coa desamortización disolveuse a canónica e en 1853 tomou o carácter de igrexa parroquial.

- **O mosteiro de Santa María de Montederramo**. Afonso VII doa en 1144 "igrexa de San Xoán de monte Ramis", tres casares e tres lugares cos seus respectivos privilexios de coto, ó abade Pelagio, prior de frades baixo a regra de san Bieito. Por 1163, o mosteiro de Montederramo, segundo bula do Papa Alexandro III, o cenobio seguía a observancia cisterciense. O documento afirma que o mosteiro posuía dezaseis granxas, patrimonio que medraba máis por doazóns e privilexios de sucesivos monarcas: Fernando II, Afonso IX en 1210 outorga o privilexio de que "ningún rico home coma nin esixa nada" ó mosteiro.

Tamén Fernando III, Afonso

X e Sancho IV, concederán máis privilexios. Montederramo mercé a todas estas doazóns será un dos máis importantes mosteiros de Galicia e de toda España. En 1309, o rei Fernando IV, concede a Montederramo o privilexio de nomear xuíz e merino para gobernar ós habitantes do seu coto. Outros mosteiros afiliáranse a Montederramo, entre eles o de Xunqueira de Espadañedo. A desamortización, tamén supuxo para Montederramo o abandono, o espolio e a ruína parcial.


Mediado o século XII é unha época de notable estabilidade de crecemento demográfico, económico e social, época de fundación de moitos mosteiros en Galicia. Afonso VII (rei de Galicia en 1111, en 1121 de León e Castela, +1157) anda dando terras galegas a mosteiros e particulares. Entre outras, no 1144 doa ó mosteiro de Santa María de Montederramo tres casares en Vilanova así como os lugares de san Torcuato e Verducedo, todo iso co privilexio de coto, área próxima á "vila da Serra"

Fragmento do documento de Afonso VII onde se definen os marcos dos límites surleste do coto do mosteiro de Montede-

ramo. Recoñécense: crista do Pedroso, ponte de pena de Seca, penedo de Lobo, mámoa do Coto, penedo de Sengo, penedo de Castro Ventoso e pena sobre Cova Tioira.

Santiso aparece na historia escrita. Documéntase a incipiente poboación en 1142 nun privilexio de señorío que Afonso VII fai a Velasco Suárez, segundo consta nun documento do Arquivo Catedralicio de Ourense: o realengo de "*Sancti Thyrsi sub monte Coto*", aínda que se di que é falso por mor dos reis que confirma. O monte Coto sobre a paraxe das Combicias domina o pobo. Seica o tal Velasco se vincula á casa de Ambía (os Velascii). No presente texto, máis adiante, refírense herdeiros de tal personaxe, así que o documento algo tén de verdade. Realengo é unha xurisdición real sobre unha terra ou lugar, o señor é o rei que non quere dicir o amo xa que o pode ser un particular con dereito total sobre ela, pero obrigado a pagar ó rei impostos ou cargas que correspondan. O que si tén o rei é potestade de dar en señorío (por mercé ou venda) o lugar a un nobre ou eclesiástico. Seguramente no caso de Santiso, o rei outorga a mercé como loureiro de guerra a Velasco pola súa

Fragmento do doc. de Afonso VII onde se definen os marcos dos límites SE do coto do mosteiro de Montederramo. Recoñécense: crista do Pedroso, ponte de Pena Seca, penedo de Lobo, mámoa do Coto, penedo de Sengo, penedo de Castro Ventoso e pena sobre Cova Tioira.



axuda no conflito dinástico de sucesión ó trono de León á morte de Afonso VI e a confusa situación creada pola súa nai dona Urraca, tamén pugna episcopal entre a sede de Braga e Santiago de Compostela. Parte da nobreza galega liderada polo bispo de Santiago, Diego Xelmírez, e o conde de Traba, Pedro Froilaz, defenden a candidatura de Afonso, pero a guerra entre nobres dará orixe ó Estado luso ó separarse para sempre o condado de Portugal e pechando a expansión sur de Galicia, situación histórica que derivará en futuras relegacións do territorio na política dos reinos de España ata as autonomías de hoxe. Da galega casa de Traba foron os aios de Afonso VII, Fernando II e Afonso IX, reis de León e Castela.

Aparece outra vez Santiso no

1230. Afirma E. Rivas Quintas (*A Limia*) que o bispo de Ourense, D. Lourenzo, para axudar no sustento do mosteiro de Xunqueira de Ambía aumentará as súas propiedades con oito igrexas:

“Prior dicti monasterii beatae Mariae de Junqueyra et conventus ejusdem monasterii ordinis sancti Augustini canonicum regularum...sustentari non possint... (hac causa damus ecclesiae) ... cita 5 igrexas amáis de ... et Sancti Tirsi et et Sanctae Crucis de Cobas Arnoya et Sancti Petri de Pias, ...”.

Este documento é importante, pois sinala a existencia de igrexa, capela ou ermida en Santiso, precedente da actual igrexa parroquial do s. XVII como mínimo e a súa dependencia da colexiata de Xunqueira de Ambía, un priorado do mosteiro.

Nos séculos XII-XIII, Santiso sae moi a miúdo en transaccións de compravenda de terras, preitos e pactos co mosteiro de Montederramo. O escenario descrito a continuación baséase nun excelente estudo de Esther Pascua Echegaray que avalía a información contida en 525 documentos do arquivo do mosteiro de Montederramo dos séculos XII e XIII.

Nun pergamiño que contén unha bula de Alexandro III de 1163 listáronse numerosas granxas que rexentou o mosteiro de Montederramo, entre elas Santiso, en Costa de Asadur e Santa Marta en Tioira. Ademais, na bula enuméranse posesión de herdades en Asadur, Celeirón, Parada, Baldrei, Xunqueira de Espadañedo, Sarreaus, Santa Eulalia de Escuadro,...

Lembrámosche que podes colaborar connosco aportando ideas, participando na programación e/ou realización de actividades a desenvolver pola Asociación así como na elaboración de sucesivos números da revista ALCATRUZ e como non facéndote socio/a mediante unha pequena aportación económica.

A nosa é unha asociación sen ánimo de lucro, o que quere dicir que todos os ingresos (cotas socios/as e mais subvención/s, de habela/s) reverten integramente na realización das futuras actividades que, ano tras ano, levamos a cabo.

De teres a intención de brindarnos a túa colaboración, podes facérnolo saber mediante un correo-e a airadasmantas@gmail.com ou entrando en www.airadasmantas.com e logo nós contactaremos contigo.

A cota anual, establecida para o ano 2015, é de só 20 euros.


Se consideras interesante o que estamos a facer, COLABORA CONNOSCO!

A DIRECTIVA



PASATEMPOS

A. C. Aira das Mantas



HORIZONTAIS: 1.- fem. Dise do menor de idade que perdeu ao pai ou á nai, ou a ámbolos dous. Boca. 2.- Ringleira, fileira. Protexer, preservar, vixiar que non ocorra dano. 3.- Letra do abecedario. Terceira persoa do presente de indicativo do verbo ler. Última letra do alfabeto. Determinante artigo masculino plural. 4.- Salsa feita con allos esmagados. 50. Undécima letra do alfabeto galego. 5.- Pronome persoal que pode actuar como complemento indirecto. Célula reprodutora dos vexetais. 6.- Ele. Touro castrado que utilizaban os carreiros. Vogal. Interxección que denota chamada. 7.- Recipiente redondo, xeralmente con asas, para usos culinarios. Persoa que na época medieval cantaba e tocaba as cantigas que escribían os trovadores. 8.- Vogal que as veces non se pronuncia. Canción de berce. Número romano. 9.- Situar algo no tempo cronolóxico. Preposición. Determinante artigo feminino singular. 10.- Limpeza, coidado da compostura nas persoas e nas cousas. Emprégase como forma de afirmación correlativa.

VERTICAIS: 1.-Chuvia miúda e persistente que tén aparencia de néboa. Contracción. 2.-Nota musical. Consoante repetida. Satélite da Terra (plural). 3.-Variña de ferro colocada verticalmente que serve para pechar as portas ou ventás. Forma átona do pronome de 2º persoa. 4.- Vogal. Denota ánimo. Determinante artigo masculino singular. Antiga nave con velas. 5.- Consoante oclusiva, velar, sonora. Soltar unha cousa. 6.- Número de tantos que recolle o que gaña a man no xogo de cartas (plural). Terminación de aumentativo. Consoante. 7.- (Ao revés) Prefixo que indica repetición. Vestixio que deixa o pé no chan ao pisar. 8.- Persoa ou obxecto de grande veneración e admiración. 50. (Ao revés) Pronome persoal átono. 9.- Expresa o son dun golpe ou o propio golpe. Que tén existencia efectiva, verdadeiro, auténtico. Vogal. (Ao revés) Pobo do Concello de Maceda. (Ao revés) Contracción.

	2	3		6	5		4	
8	6	7						5
4			7					6
1	7		9					
				2				
	4							9
				8	9	6	3	
5		9	6	4		8	1	
	8		2	3		5		9

SUDOKU

Encher os ocios nas filas e columnas coas cifras do 1 ó 9. Olo!: Non se debe repetir ningún nº na mesma fila, columna ou subcadrícula.

R	O	N	Q	U	E	T	A
O	T	H	A	V	E	G	X
N	E	U	G	N	L	I	O
C	H	I	L	L	O	N	L
O	R	I	E	T	N	U	P
M	F	D	B	I	U	R	A
C	S	O	P	R	E	T	E
O	A	F	L	Ñ	H	E	S

SOPA LETRAS

Busca 6 partes da gaita galega.

SOLUCIONARIO

R	I	O							
O									

Solución do encrucillado publicado na revista ALCATRUZ Nº 5 que por esquecemento non foi incluída.

FOL / CHILLÓN / PUNTEIRO
 RONCO / RONQUETA /
 SOPRETE

9	2	3	8	6	5	7	4	1
8	6	7	4	1	3	9	2	5
4	5	1	7	9	2	3	6	8
1	7	6	9	5	4	2	8	3
3	9	8	1	2	6	4	5	7
2	4	5	3	7	8	1	9	6
7	1	2	5	8	9	6	3	4
5	3	9	6	4	7	8	1	2
6	8	4	2	3	1	5	7	9

NO VAL DE MACEDA

(Parroquia a Parroquia)

TIOIRA

José Manuel Pascual Ramos

Pobos e rúas. As aldeas que constitúen a parroquia, implantadas na chaira da veiga, xunto ou preto do río fóra de

Concentración Parcelaria de 1963, a distribución das aldeas presenta dúas claras disposicións: unha polinuclear con núcleos moi próxi-

Roque, alén do río, hoxe deshabitado.

Os pobos desenvólvense basicamente con eco-



Distribución de fincas antes da Parcelaria de 1963. En vermello, as partes antigas e en negro as ampliacións actuais.

Santa Marta, son de tipo pechado no cal as distintas construcións aparecen unidas entre medianeiras, case todas cerca dun camiño que define o eixo lonxitudinal do núcleo, e saídas transversais que forman pequenas rúas de trazado irregular. Nun marco de ordenación agrícola de parcelas, consecuencia da

mos como son Tioira, Eirexa e Cimadevila por unha banda e Sarreaus e Santa Marta por outro; Batán e Carguizo forman unidades na nebulosa que forma a parroquia. O *catastro de Ensenada* 1752 cita outro lugar, Reixa, como entidade de poboación con 3 casas e 3 veciños, lugar onde se sitúa a capela de San

nomías agrícolas minifundistas de explotación de gando, millo, patacas e centeo, amais da actividade industrial complementaria de elaboración de obxectos cerámicos (para estes véxase ALCATRUZ Nº 4).

Aínda que se poden ver construcións de base redondeada, que lembra aos pre-



sentes en castros, normalmente de base rectangular, son de dúas plantas: planta baixa ocupada pola cuadra e a vivenda propiamente dita na que destaca unha particular estancia máis nobre, chamada sala, para celebracións, recepción, defuntos, etc. Os accesos polo interior da planta baixa, en ocasións exterior. Tamén, aínda se poden atopar tipos máis primitivos de planta oval, ou case circular, de planta baixa e sen divisións interiores, semellantes ás atopadas en poboados castrexos ou as pallozas dos Ancares (Lugo).

As casas, aunque é frecuente a parede medianeira, na súa maioría están abertas á súa contorna mediante variedade de solucións como corredores ou galerías, moitos orientados ao sur, sempre asollados (solainas), etc.

As cubertas de tella, ás veces aínda se ve algunha con laxa de lousa no beirado. As construcións anexas, palleiras de considerable dimensión, ventiladas por

cerramentos de táboas ou grandes aberturas.

Hórreos. Nas poboacións da parroquia aínda se ve esta antiga construción, sexa de forma illada ou formando grupo como en Tioira, destacando os existentes ao sur desta poboación. Os hórreos da freguesía son tipo palleira, con cámara de planta rectangular alargada, elevados e soportados en columnas de granito prismáticas de esquinas rebaixadas de pouca altura (esteos).

A cámara é na súa totalidade de madeira, pechada con bastidores formados por listóns verticais que facilitan a ventilación.

A cuberta a dúas augas é de tella e é de notar a ausencia de elementos decorativos (cruces, pináculos, etc.).

Fontes. A finais do XX instaláronse polos pobos da parroquia varias fontes ornadas de simboloxía vinculada a obxectos de antigos oficios representativos da cultura popular da parroquia: potas, torno de oleiro, libros, útiles

de canteiro como picos e maza, instrumentos agrícolas, serras de carpinteiro, etc., todas elas obra do taller do escultor Nicanor Carballo, pero aínda se pode ver unha fonte de antigo deseño en Sarreaus co seu correspondente caño e lavadoiro.

Muíños. O catastro de *Ensenada* declaraba en 1752 na parroquia “5 rodas de muíño (dous de Rosendo de Otero de Vilarellos, dous de Juan de Santiago, un de Antonio Pascual, e outro que non funcionaba). Engádesse outro muíño no regacho de Cimadevila (de Francisco Ramos)”. Hoxe en día, tres móstranse claros: o de Carguizoi con tres moas, o da Veiga (tia Sara?) visible desde a estrada e o de Batán con dous rodicios. O primeiro deles está moi ben conservado.

A casa reitoral de Tioira. Parece ser que foi outro reducto do conde de Maceda aló polo século XV, que por entón era señor do coto da parro-



Hórreos en Tioira: Casa do Campo



Cerca do Cruceiro



Camiño de Cimadevila



Fonte CARGUIZOI

quia. Á marxe que eses tempos o eran primeiro de revolucións populares (revolta dos Irmandiños) e despois de loitas nobiliarias (sucesión á coroa de Castela), entre as que estaba metido o Conde de Maceda, e coincide que en 1487, era tamén patrón de Tioira Juan de Novoa

Seica por ser coto do Conde de Maceda se deba a abundante presenza de pedras miliarias romanas, encaixadas nas paredes das cuadras e a que actualmente se sitúa próxima no camiño que por tempo estivo no patio.

Cruceiros. Na freguesía de Tioira eríxense dous cruceiros: un á saída do lugar de mesmo nome cara ós Milagros e outro xunto á igrexa parroquial. Os cruceiros diferéncianse na súa estrutura, de base a cima, unha plataforma sobre a que se sitúa o

pedestal ou peana, que serve de pé ao fuste ou columna ao que coroa un capitel sobre o que se dispón a cruz.

O referido en primeiro lugar é un soberbio cruceiro barroco moi historiado, con significativa iconografía e orientado segundo os puntos cardinais con San Roque sinalando o norte.

A plataforma é unha bancada piramidal de catro niveis, que presenta no seu último chanzo o mestre canteiro escultor e datación da obra: ARQUITECTO ESTEBAN GÓMEZ. ANO 1769


Baixo os motivos está gravada unha dedicatoria expresada en dúas liñas, mostrando na primeira a “DEVOCIÓN DE JUAN BERMUDEZ I SU MUGER ROSA DE OTERO”, detalle que refire o dedicante que o custeou, un matrimonio que se salvou de afogarse no s. XVIII, pero segundo o *Catastro de Ensenada* de 1752, que lista os veciños da parroquia de Tioira, nel non figuran tales nomes.

Dous querubíns subidos ó madeiro horizontal da cruz coraan á Virxe.

O escultor do cruceiro foi Esteban Gómez Fontela 1730-1800?, un destacado canteiro de Terra de Montes en Pontevedra, orixe de grandes canteiros, que asinaba

arquitecto, título que engadía ao seu nome, seica en calidade de autor e Maceda con dous cruceiros: o de Tioira, datado en 1769, e tamén se lle atribúe o da poboación ao mostrar trazos de deseño moi similares ó anterior e datarse a súa presenza en 1790 realizando diversas obras na igrexa parroquial de San Pedro de Maceda, entre elas a súa espadana (posiblemente faría tamén o cruceiro).

Case copia do de Tioira é o de Maceda, que fundamentalmente só diferencia a grafía dos símbolos e obxectos, máis parca no segundo. O



seu deseño e a presenza de Esteban Gómez en Maceda en 1790 suxiren a súa autoría, cousa que seica reflicte a inscrición da peana. Hoxe o monumento carece do grupo Cruz que un raio mutilou arrincando o Cristo, despois



perdeuse a Virxe e a cruz ramosa. Cruceiro parecido localízase en Almoite (Baños de Molgas), que segundo Elixio Rivas, seica sexa o cruceiro crebado en 1963 ao traelo nun carro desde a súa localización á saída da próxima aldea de Alvite (na súa caída matou a un home), xa

de María e Lázaro, á que logo a lenda sitúa en Tarascón, no sur de Francia, derrotando a un letal dragón (tarasca), ao que exorciza asperxéndo con auga bendita, de aí a súa representación como unha muller de mediana idade cun dragón aos pés e nas mans o pote e o hisopo.

porticado pechado, prenao ou anteigrexo, separado do anterior por enreixado de travesiros de madeira e porta presidida por unha cruz bizantina, sobre o que se colocou un tapial para cegar a apertura resultante cun lenzo a imitación de pedra encintada, unha basta restauración



Muíño de río cun rodicio



Rodicio



Muíño con dous rodicos

que presenta unha fractura á altura das figuras dende o fuste.

O segundo cruceiro, de respectable presenza, localízase no camiño que parte da Eirexa (xunto á igrexa parroquial) e vai a Sarreaus, polo alto da lombá. Hoxe está nun solar abandonado sendo a obra pasto da maleza. O cruceiro é austero, sen decoración, consta de pedestal cuadrangular con molduras e varal que arrinca en sección cadrada para a pouca do seu inicio ter na parte superior sección octogonal.

Capela de Santa Marta. A capela está ofrecida á irmá

Din que nun tempo foi a igrexa parroquial de Tioira, pero tal afirmación carece de fundamento, basicamente pola dimensión da capela, a súa data fundacional e a pouca relevancia da poboación fronte a Tioira, ademais de ser o seu territorio unha simple granxa xurisdición do mosteiro de Montederamo desde a Idade Media ata o século XIX.

É unha pequena capela de 12,8 m², orientación NNE, sen referencia ao orto de sol, que diferencia tres áreas. Á entrada do recinto hai un atrio ao que segue a fachada do edificio formada por unha estrutura cuberta ou vestíbulo

que esnaquiza a fachada. A prenao alberga unha rústica pila de auga bendita. Polo muro Este, e orientada a levante, álzase unha discreta espadana dun oco para a hoxe ausente campá. O feito de que a espadana se sitúe sobre o muro lateral explícase polo inconveniente de colocalo no vértice da cuberta polo débil da estrutura, non é unha herdanza románica.

Con todo, merece especial mención, pola calidade e antigüidade, a talla de Santa Marta que é dun escultor anónimo ao non poder, neste momento, vinculalo a unha obra de autor coñecido, pero si a unha profusa mostra que o

inscribe como un referente de escultura galega do Renacemento, alumado co apelativo de Mestre de Sobrado, nome dado por Martín González por obras afíns no Mosteiro cisterciense de Sobrado dos Monxes. Seica fose un flamenco ou borgoñón dos que data a documentación auriense de primeira metade do s. XVI. É fácil atribuírle esta Santa Marta ó Mestre de Sobrado polos trazos da súa talla que se contrastan noutras do seu catálogo: pequeno tamaño como é a súa norma coas figuras femininas e reiteración das súas solucións ao obrar o manto.

Capela de San Roque.

Saíndo do núcleo de Tioira cara aos Milagros, pasada a ponte, a pouca distancia localízase unha ermida dedicada a San Roque, avogado contra a peste e todo tipo de epidemias, patrón do lugar de Tioira, declarado santo en 1584 por Gregorio XIII.

Con todo, da súa aparencia antiga, a construción é de 1670 segundo mostra a epigrafía gravada nun sillar á dereita da fachada.

Tellado a dúas augas rematado no seu vértice por un discreto campanario cun só oco. *“Esta capela e obra fíxose construír de esmola dos devotos fregueses desta freguesía sendo*

cura o Ldo. D Antonio Montano. Ano de 1670”

Capela de Sarreaus. Capela obrada a finais do s. XX de construción desafortunada en canto a materiais ao ser granito de Porriño.

Igrexa parroquial de Sta. María de Tioira, obrada toda



ela en granito, destaca polas súas dimensións sobre as outras do contorno. Sobria obra do s. XVII de discreta formulación de planta basilical, sen decoración exterior. De estilo barroco, pola época de construción, pero non é tan fácil de catalogala nel dada a topoloxía prerrománica que inspira a súa sobriedade e

rotundidade de liñas, onde a beleza queda suplida pola coherencia formal, de formas simples que presenta unha disposición basilical elemental clásica dunha soa nave rectangular seguida dun presbiterio de trazo cadrado levemente máis ancho que ela. A construción anexa da sancristía, encóstase á cadrada ábsida segundo o eixo da obra. Os laterais mostran estreitos vans abucinados con derrame cara a dentro para estender mellor a luz, rectangulares na nave, de medio punto no presbiterio. A cuberta é de madeira e tella, a dúas augas a nave, a catro o presbiterio e a tres a sancristía, con contrafortes que axudan a manter a verticalidade de muros de excelente escuadrada sillería encintada. A porta, centrada, é adintelada.

A obra presenta unha típica igrexa da arquitectura popular galega do s. XVII que incorpora unha esvelta espadana de dous corpos que aloxan dúas campás o inferior, coroada por unha cruz, pero que no caso de Tioira ademais diferencia doutras en realzar o campanario cunha notable plataforma e dispór de ocos arcos laterais apoiados nunha ménsula, que á marxe de achegar profundidade tamén aseguran a estrutura. Sitúanse no campanario os correspondentes pináculos



piramidais. É importante notar a relación entre Maceda e Tioira, pois en 1790 Esteban de Fraguas, o arquitecto do cruceiro de Tioira obra a espadana de San Pedro de Maceda e a espadana da igrexa das Neves e os cruceiros de ambas as poboacións mostran parecido no primeiro caso e semellanza no dos cruceiros de deseño e realización, o que suxire data de obra da parroquial de Tioira a segunda metade do s. XVII, data semellante ao seu libro de fábrica (1670).

Foi perfectamente restaurada en 1905 polo avó de Toño o carpinteiro e pintado e dourado o solemne retablo en 1923 por J. M^a Conde, segundo reza o rótulo na súa base dereita.

Cemiterio. Onde se exhibe o traballo dos canteiros do val sobre granito.

Destaca a reprodución da Cruz de Misións de Vilar de Cas, cos seus símbolos da Paixón, sen contar os pináculos góticos, obeliscos e cruces celtas frecuentes nestes espazos, pero entre os símbolos hai uns que merecen a pena ser comentados: os lazos presentes no mausoleo da familia Leal Ramos (Carnasada), obrado por Salvador Carballo Branco, o gran mestre canteiro de Carguizoi, mestre de mestres ao ter na súa cuadrilla como aprendi-

ces a futuros e moi coñecidos canteiros-escultores como Nicanor Carballo e Ramiro de Paioso. Din que a pesar da súa pouca formación no mundo das letras era gran debuxante que elaboraba os seus persoais de traballo, con toda a xeometría que iso implica, cousa que se contrasta no deseño do mausoleo citado de Cimadevila, que supón, non só un dominio da xeometría senón tamén coñecementos de certos símbolos que alí se esculpen.

Os escultores de pedra de Tioira.

Salvador Carballo Blanco, descendente do “tío Calatrava”, naceu a finais do s. XIX, en Vilar de Cas, e morreu en Carguizoi en 1986, un home desta terra ó que os seus paisanos bautizaron como o “tío vea” polo súa verticalidade no andar, dereito



como unha vela. Residiu, case toda a súa existencia, en Carguizoi.

Como se dixo, a súa memoria está presente en multi-

tude de obra de pedra do val do Medo, sendo facilmente recoñecible a súa obra pola repetición de motivos, sobre todo elementos da Paixón presentes na cruz de Misións da igrexa de Vilar de Cás (sacros corazóns, caveira, galo, cáliz, ...) e a calidade dos seus traballos. Aos anteriores súmanse furnas de pináculos góticos e os curiosos anómalos xa referidos máis cruces celtas.



Non só facía “nichos”, senón que tamén construía casas, arranxaba a cúpula do Santuario dos Milagros ou realizaba a fonte da Milagrosa no Medo (obra contratada e asinada polo seu ex-avantaxado alumno Nicanor, pero executada por Salvador).

Tamén destacaba no picado das rodas/moas de muíño.

De formación autodidacta, a inspiración da súa obra estaba nos motivos presentes nos libros da súa biblioteca, manifestando grande facul-




tade para o debuxo, elaborando os seus propios persoais de traballo, que evidencian grandes coñecementos de xeometría. As súas ferramentas eran as tradicionais artesás de canteiro.

Da súa propia imaxe queda pouco testemuño. Na foto que achega a familia, parece ser que roldaría os 45 anos de idade.


Nicanor Carballo Garrido naceu en 1932 en Tioira. Aos dez anos esculpe a súa primeira obra en granito do monte Pedroso. Polos doce anos modelaba barro como oleiro torneando potas, cántaros/as,... no seu pobo. Co citado Salvador Carballo aprendeu a traballar a pedra. Desde 1955, con 23 anos, dedícase de pleno á escultura, establecéndose en San Sebastián, traballando ó principio nos talleres “*Altuna e fillos*” e despois como autónomo esculpindo cristos, virxes, anxos, grupos escultóricos, tallas de corpo enteiro,

bustos e escudos, en mármore e moi en especial de granito, así como en madeira.

Entre 1965 e 1978 colabora con Eduardo Chillida, recoñecido artista vasco, que en 1966 traballa con Nicanor nas canteiras de Budiño e mais na obra en granito o *Abesti Gogora V* [Canción forte] para o Museum of Fine Arts [Houston, EEUU]. Di Elixio Rivas que neste tempo esculpe a escultura en me-



moria de JF Kennedy, que se exhibe no museo de Houston e tamén afirma que a emblemática escultura “*El peine del viento*” erixida no paseo da praia de San Sebastián é de



inspiración de Nicanor Carba-

llo, xa que Chillida perdera o bosquejo. O certo é que en agosto de 1977 iníciase a montaxe da escultura nas rochas costeiras ao final do paseo, tres pezas en aceiro de 11 toneladas cada unha. Tras este período e despois dunha estancia en Francia, regresa no ano 1980 a Ourense, onde crea a súa propia empresa, hoxe en día dirixida polos seus fillos: *escultor Carballo*.

A produción escultórica de Carballo é ampla: cruceiros, esculturas e grupos, restauración de fontes históricas, etc. son a súa presentación, aínda que as súas afeccións predilectas, como “crente e practicante”, son esculpir esculturas relixiosas.

“*Accompanied by Chillida’s technical assistant, the stone carver Nicanor Carballo*” (Acompañado do técnico asistente o escultor Nicanor Carballo) “*Curating Consciousness Mysticism and the Modern Museum*”. M. Brennan. MIT Press, 2010. Univ. de California”.

En Tioira esculpiu as modernas fontes públicas nomeadas, algunha monumental en leiras particulares.



Occidentalis

GALECIA

Oceanus

44

ORI 43 ENS

42

9



13

11 SEPTENTRIO 12

10

13

11 MERIDIES 12

10

44

OCCI 43 DENS

42

9